

**Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de CIFP**

# **Plan de Convivencia**

## **CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro**

**Curso 2022-2023**



## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Contexto normativo.....	5
3	Composición da Comisión de Convivencia.....	6
4	Análise do estado de convivencia no centro.....	7
5	Obxectivos xerais do Plan.....	9
6	Actuacións e medidas que se van desenvolver.....	10
7	Difusión, seguimento e avaliación do Plan de convivencia.....	16

## 1 Introducción

---

O plan de convivencia do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro é un documento estratéxico no que se recollen as actuacións que se van a levar a cabo para conseguir mellorar a convivencia no noso centro.

Convivir é “vivir en compañía de outros”, polo tanto, entendemos por convivencia a relación entre todas as persoas que compoñen unha comunidade. Unha boa convivencia esixe respecto mutuo, aceptación e cumprimento de normas comúns, doutras opinións e estilos de vida, respecto á diversidade, aprender a resolver pacificamente os conflitos..., Convivir é algo máis que coexistir ou tolerar.

Con todo, o conflito é consubstancial á existencia humana e polo tanto inevitable. Partimos dunha concepción do conflito como un proceso natural nas relacións entre persoas e grupos, inherente á vida en sociedade, e que é necesario para o desenvolvemento intelectual, emocional e social das persoas.

A convivencia escolar encerra unha gran complexidade e a presenza de múltiples factores que contribúen a explicar os principais problemas que poden aparecer, pero é necesario promovelos e fomentalos de forma activa, para iso debemos basearnos no diálogo e o respecto constante entre os integrantes da comunidade educativa.

Á súa vez, todo isto non pode conseguirse sen a implicación dos principais destinatarios: o profesorado, o alumnado e as súas familias.

A convivencia constitúe un pilar fundamental para unha educación de calidade e, neste sentido, os centros de ensino constitúen un dos escenarios en que se vinculan os estudantes coa sociedade e, por iso, pódese considerar un modelo esencial para a aprendizaxe da convivencia, a necesidade do cumprimento das leis e normas, a formación cidadá e o exercicio de valores fundamentais tales como o respecto, a tolerancia, a autonomía, a responsabilidade, a non violencia, a solidariedade, o sentido da xustiza e a valoración do esforzo. Valo-

res que deben estar presentes nas relacións interpersoais entre todos os membros da comunidade educativa coa finalidade de contribuír á construción dunha sociedade mellor.

O sistema educativo debe permitir que todos os cidadáns adquiren as competencias necesarias que permitan a súa aprendizaxe continua, unha cidadanía activa e o diálogo intercultural. Ademais, debe promover os valores democráticos e o respecto dos dereitos fundamentais e do medio ambiente, así como a loita contra toda forma de discriminación. Un bo clima de convivencia favorecerá a equidade e inclusión das persoas con discapacidade así como o respecto e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Partindo destas reflexións e do anterior plan de convivencia do centro, desenvolveuse o presente plan de Convivencia.

## 2 Contexto normativo

---

A normativa de base a ter en conta é a seguinte:

- Lei 4/2011, do 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/06/2011).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei anterior (DOG 27/01/2015).
- Os distintos protocolos publicados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e que se encontran dispoñibles no seguinte enderezo web:  
<http://www.edu.xunta.es/portal/educonvives.gal>

### 3 Composición da Comisión de Convivencia

---

Composición	Nome e apelidos
Presidente Director	Fernando López Uceira Director
Representante do departamento de Información e Orientación Profesional	Berta Veiga Torre Xefa de departamento de Información e Orientación Profesional
Representantes do alumnado	Carolina Aneiros Díez
Representante persoal de servizos	Manuel Baptista Sueiras
Representante do profesorado	Eva María Robles Freire

**Data de constitución:** 18 de outubro de 2022

A principal función da Comisión de convivencia é a de elaborar e planificar diferentes actuacións a nivel de centro coa finalidade de contribuír á mellora da convivencia do centro e contribuír á prevención e resolución dos conflitos.

Esta Comisión realizará o seguimento das diferentes actuacións establecidas neste Plan de Convivencia coa finalidade de valorar e avaliar a súa efectividade.

Reunirse con carácter ordinario 3 veces no ano coa finalidade de recoller as incidencias producidas, as actuacións levadas a cabo e as propostas de mellora que se consideren relevantes. Con carácter extraordinario poderá reunirse tantas veces sexa convocada polo seu presidente.

## 4 **Análise do estado de convivencia no centro**

---

O CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro atende alumnado procedente principalmente da comarca de Ferrolterra que cursan estudos de Formación Profesional das familias profesionais de “Actividades físicas e deportivas”, “Administración e xestión”, “Comercio e márketing”, “Edificación e obra civil”, “Hostalaría e turismo” e “Informática e comunicacións”. Trátase dun alumnado, con excepción dos alumnos de FP Básica, de 17 anos ou máis de procedencia diversa tanto cultural como social, que busca a través dos estudos de FP unha cualificación profesional que lle permita principalmente inserirse no mercado laboral. O alumnado dos ciclos formativos de grao superior posúe, en xeral, un grao de madurez persoal e intelectual aceptable. As relacións sociais entre compañeiros/as e co profesorado está en xeral fundamentadas no respecto, escoita activa, tolerancia e cumprimento das normas de convivencia. O alumnado de ciclos formativos de grao medio e o de FP Básica presentan máis inmadurez social e intelectual o que, ás veces, dá lugar a que se produzan con máis frecuencia faltas de respecto entre compañeiros e co profesorado, falta de cumprimento das normas de convivencia ou deterioro das instalacións e materiais do Centro.

Os conflitos ou situación máis comúns son:

- Uso indebido do teléfono móbil
- Acceso a redes sociais ou utilización de xogos durante o desenvolvemento da clase
- Deterioro de material de clase
- Falta de puntualidade e faltas inxustificadas
- Interrupción na aula
- Falta de respecto ao profesor/a
- A nivel de convivencia non se percibe que existan condutas relevantes con respecto a discriminacións de xénero, etnia, orientación sexual ou situación económica. As enquisas de satisfacción amosan en xeral un



XUNTA  
DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
RODOLFO UCHA PIÑEIRO



Centros  
Integrados  
Formación Profesional

alto grao de satisfacción co ambiente do centro, coa relación co profesorado e a ausencia de conflitos significativos graves.



## 5 Obxectivos xerais do Plan

---

- Crear un clima axeitado de acollida que favoreza a integración rápida do alumnado de nova incorporación ao Centro.
  - Promover a elaboración participada das normas de aula e centro así como o respecto ás mesmas.
  - Favorecer as actitudes de respecto, tolerancia, diálogo e escoita activa entre todos os membros da comunidade educativa.
  - Planificar as actuacións en materia de convivencia e formar a todo o alumnado desde unha perspectiva integradora das diferentes competencias, na educación emocional, a formación en valores e a aprendizaxe de habilidades sociais.
  - Fomentar a participación do alumnado, a través da elección de delegados e xuntas de delegados
  - Establecer mecanismos rápidos e eficaces de mediación para adoptar alternativas educativas sen necesidade de recorrer a expedientes disciplinarios.
  - Educar ao alumnado no coidado e conservación da infraestrutura material do Centro, especialmente ordenadores, aulas, biblioteca, etc, así como no respecto ao medio ambiente
  - Participar en actividades que favorezan a socialización, solidariedade e interculturalidade.
  - Desenvolver o Plan de Igualdade e promover actuacións que incidan na igualdade de homes e mulleres.
  - Establecer canles de colaboración con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro (Concello, policía, ONGs, asociacións, ...)
-



## 6 Actuacións e medidas que se van desenvolver

---

- Actuacións organizativas de mellora da convivencia
- Actuacións preventivas de convivencia
- Actuacións correctivas ante condutas contrarias ás normas de convivencia
- Actuacións dirixidas a mellorar a formación en materia de convivencia para o profesorado

## Desenvolvemento das actuacións

<b>1- Actuacións organizativas de mellora da convivencia</b>					
<b>Medida</b>	<b>Actividade</b>	<b>Recursos</b>	<b>Temporalización</b>	<b>Responsables</b>	<b>Avaliación</b>
Dar a coñecer o Plan de convivencia ao profesorado	Reunión inicial de Claustro Moodle	Plan de convivencia	Setembro	Equipo Directivo e profesorado	Acta de claustro
Organizar a Xornada de Acollemento alumnado	Xornada de acollemento	Protocolo acollemento	Setembro	Equipo directivo/ orientación/ Titores/as	Enquisa de acollemento
Organizar o acollemento do profesorado de novo ingreso	Acollemento profesorado	Protocolo acollemento	Ao incorporarse	Equipo Directivo/ Xefatura Departamento	Enquisa
Dar a coñecer o Plan de convivencia ao alumnado e establecemento das normas de clase	Titoría inicio de curso Carpeta do alumno/a	PAT NOF Normas de clase	Setembro	Titores/as	Enquisa
Dar a coñecer o Plan de convivencia ás familias (FP Básica)	Reunión informativa familias	Normas de convivencia	1º trimestre	Titores/as	Ao rematar a actividade
Designar a Comisión de Convivencia	Nomeamento	Memoria curso anterior Comunidade educativa	1º trimestre	Director	Memoria
Poñer a disposición de toda a comunidade a caixa de queixas e suxestión.	Colocación e difusión da caixa de queixas	Caixa de suxestións	Ao inicio de curso	Dirección	Recollida de queixas
Dar a coñecer os distintos protocolos	Dar visibilidade aos protocolos no Moodle de	Moodle titoría/profesorado	1º trimestre	Dirección	Documentación

relativos á atención á diversidade e convivencia	titoría			Orientación	
Avaliación trimestral da convivencia	Reunión	Comisión de convivencia	Decembro/ marzo/xuño	Comisión de convivencia	Enquisa final curso sobre convivencia

## 2- Actuacións preventivas para o fomento da Convivencia

Medida	Actividade	Recursos	Temporalización	Responsables	Avaliación
Acordar co alumnado as normas de clase	Normas específicas de cada módulo	NOF Documento de recollida de normas de clase	Inicio de curso	Profesorado	Enquisa
Controlar a asistencia ás clases	Introducir as faltas no Xade Comunicar as faltas de asistencia á familia no caso de alumnado menor de idade Comunicar ao alumnado as as perdas do dereito á avaliación continua (PD)	Convocatoria programas contrato	Todo o curso	Profesorado Coordinadora de innovación e formación do profesorado Departamento de Actividades físicas e deportivas	Memoria
Concienciar ao alumnado da necesidade da súa implicación e colaboración na boa convivencia da aula	Titorías individuais e colectivas co alumnado. Reunións do equipo docente para abordar as incidencias puntuais.	NOF	Primeiras semanas do curso Ao longo de todo o ano	Titores Equipo Directivo Orientación profesorado	
Potenciar as relacións positivas entre o alumnado do centro	Celebración do Magosto Celebración dos carnavais Celebración de final de curso				

Fomentar no alumnado a igualdade de xénero e o rexeitamento da violencia de xénero	Conmemoración 25N Conmemoración 8M LGTBI As actividades propostas no Plan de Igualdade	Titores Alumnado	Nas datas establecidas	Titores Delegados Orientación Dirección	Ao rematar a actividade
Potenciar a participación do alumnado en campañas ou actividades solidarias	Doazón de sangue Campaña de recollida de alimentos Actividades relacionadas coa integración e a discapacidade. Dar a coñecer o voluntariado	Consellería de sanidade Cociña económica Recollida de alimentos Rías Altas ASPANAES Dirección xeral de xuventude	Ao longo do curso	Alumnado	Ao rematar a actividade
Fomentar condutas positivas no alumnado para lograr unha boa convivencia no centro	Talleres Plan Director Talleres de prevención de condutas aditivas Talleres de habilidades sociais Concursos sobre igualdade e convivencia Incidir na adquisición de competencias persoais e sociais como parte do currículo	Plan Director Asfedro Relatores Concursos			
Solicitar programas contrato de incidan no desenvolvemento da convivencia	E-saúde Convive-t Iguala-t				

Promover a participación, cooperación e comunicación entre o alumnado	Reunión do delegados	Reunión	1º Trimestre	Equipo directivo Orientación	
Promover actividades que favorezan a participación, cooperación e comunicación entre os diferentes membros da Comunidade educativa	Xornadas de Portas abertas Actividades interciclos	Elaboración de vídeos Celebración de xornada de portas abertas Conmemoración de días internacionais	2º trimestre	Dirección Xefaturas Departamento Orientación	

<b>3- Actuacións correctivas</b>				
<b>Medida</b>	<b>Actividade</b>	<b>Recursos</b>	<b>Responsables</b>	<b>Avaliación</b>
Protocolo de actuación ante condutas contrarias ás normas de convivencia do centro	Mediación de conflitos entre o alumnado Parte de amoestación	Mediante esta actuación preténdese chegar a un acordo co alumno/a para que reflexione sobre a súa actitude e se comprometa a cambiala  Calquera profesor/a pode poñer un parte de amoestación cando considere que o comportamento do alumno/a prexudica a convivencia no centro  NOF	Calquera compoñente da Comisión de Convivencia( Mediación)  Profesorado/titores  Orientación  Dirección	Farase un seguimento periódico da súa evolución
Protocolo de actuación ante condutas gravemente prexudiciais para a ás convivencia	Parte de amoestación Expulsión das clases Contacto coa familia no caso de alumnado menor de idade Expediente disciplinario	Protocolo especificado no NOF	Dirección e xefatura de estudos	Ao finalizar o ano serán recollidos o número e tipo de partes disciplinarios.
<b>4- Actuacións dirixidas a mellorar a formación en materia de convivencia para o profesorado</b>				
No mes de outubro a coordinadora de formación do profesorado oferta ao profesorado a posibilidade de solicitar os programas contrato/ proxecta e outros..  Tamén oferta a posibilidade de formación relacionada con convivencia, mediación, igualdade, comidas de Nadal e de Entroido.				

## 7 Difusión, seguimento e avaliación do Plan de convivencia

---

Ao longo do curso, darase a coñecer este Plan de Convivencia e todas as actuacións que se establecen nel a toda a comunidade educativa. A difusión realizarase a través das distintas reunións previstas ao longo do curso, a través da páxina web e do Moodle de documentación de profesorado así como a través das titorías.

Para o seguimento e avaliación utilizaranse as reunións da Comisión de convivencia.

Ao finalizar o curso formularase unha proposta de mellora que será tida en conta na programación do curso seguinte.